

1 Segundo o acordado na Coordinadora Nacional proponse á Iª Asemblea Nacional a  
2 seguinte

3

4

## 5 **Carta financeira marco de Anova – Irmandade Nacionalista**

6

### 7 **DOS RECURSOS DE ANOVA**

- 8 1. Anova como movemento político organizado que quere preservar a súa  
9 independencia respecto de calquera poder alleo e en consecuencia debe evitar tamén  
10 no posíbel a dependencia dos fondos derivados da representación institucional.
- 11 2. O principal recurso de Anova – Irmandade Nacionalista é o traballo voluntario da  
12 afiliación e simpatizantes e os recursos económicos fundamentais deben ser as  
13 achegas dos homes e mulleres que a compoñen.
- 14 3. As subvencións aos grupos municipais ou parlamentares en calquera ámbito, deben  
15 adicarse primordialmente ao fin para o que son concedidos: posibilitar o  
16 funcionamento dos grupos e a relación destes cos electores. So cando esta  
17 necesidade estea suficientemente cuberto se poderán adicar fondos á outros fins.
- 18 4. Respecto da remuneración do traballo político nas institucións, e máis aló da opinión  
19 política que mereza as que se fixe pola administración respectiva para casos  
20 concretos, o criterio é que hai que remunerar o traballo político e por parte de Anova  
21 debe recibir o mesmo que a remuneración que calquera outro afiliado reciba polo seu  
22 traballo.
- 23 5. As cotas que cada persoa afiliada a Anova debe satisfacer, fixaranse pola  
24 Coordinadora Nacional previo debate nas asembleas, en función da contía dos seus  
25 ingresos independentemente da orixe dos mesmos e mediante unha táboa progresiva.
- 26 6. As cotas fixadas actualmente pola Coordinadora Nacional sono só para as persoas  
27 sen ingresos ou de 3€/mes para quen ingresa o SMI, polo que compre que á volta da  
28 Iª Asemblea Nacional se fixe a cota para maiores tramos de renda.

29

### 30 **DA ADMINISTRACIÓN, CONTROL E DISTRIBUCIÓN DOS FONDOS DE ANOVA**

31

- 32 7. Os recursos económicos de Anova – Irmandade Nacionalista serán administrados  
33 pola Coordinadora Nacional e por as asembleas locais no respectivo ámbito. A  
34 Coordinadora Nacional efectuará a administración por medio da persoa Comisionada  
35 de Finanzas e as asembleas locais por medio da persoa responsábel desa área.  
36 As localidades renderán conta semestralmente da administración dos seus fondos á  
37 Área Nacional de Finanzas. A persoa Comisionada de Finanzas informará  
38 semestralmente á Coordinadora Nacional da situación económica e renderá as contas  
39 anualmente, por anos naturais, sen prexuízo de que en calquera momento informe  
40 *motu proprio* ou a requirimento da CN ou a Permanente.
- 41 8. Para o control e fiscalización das contas, a CN designará catro persoas que non  
42 poderán desempeñar esa función en dous exercicios consecutivos.
- 43 9. A contabilidade de Anova – Irmandade Nacionalista rexerese polo principio da caixa  
44 única o que non impide que dos recursos recados por cotas, as localidades dispoñan  
45 para o seu funcionamento o 50% do recadado no seu ámbito.

1

1

- 46 10. Como norma xeral as persoas que aporten traballo voluntario á Anova serán  
47 resarcidas dos gastos que esa actividade lle ocasione sempre que o traballo sexa  
48 consecuencia da encomenda dun órgano da organización política. Os gastos  
49 imputaranse aos fondo do ámbito a que corresponda, local ou nacional.
- 50 11. A Coordinadora Nacional despois do correspondente debate nas asembleas,  
51 establecerá as cotas que deben de abonar as persoas, en función dos seus  
52 ingresos.